



Análise

Conservatorio Profesional de Música Profesional da Estrada

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	03
Análise 1º Curso (5º G.P.)	06
Obxectivos:	06
Contidos:	07
Contidos mínimos esixibles:	07
Criterios de Avaliación:	08
Procedementos de avaliación e temporalización:	08
Criterios de Cualificación:	08
Exames de Setembro:	08
Acceso a 6º de Grao Profesional e ampliación de matrícula a 6º de G.P.:	08
Avaliación Alternativa:	08
Recursos:	08
Nota de Advertencia:	09
Bibliografía:	09
Análise 2º Curso (6º G.P.)	10
Obxectivos:	10
Contidos:	10
Contidos mínimos esixibles:	10
Criterios de Avaliación:	11
Procedementos de avaliación e temporalización:	11
Criterios de Cualificación:	11
Exames de Setembro:	11
Acceso a 6º de G.P.:	11
Avaliación Alternativa:	12
Recuperacións de materias pendentas:	12
Recursos:	12
Nota de Advertencia:	12
Bibliografía:	12
ANEXOS:	12

ANÁLISE

GRAO PROFESIONAL

INTRODUCCIÓN

A presente Programación Didáctica de Análise está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos dous últimos cursos de que consta o Grao Profesional, e foi realizada de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantía de que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de

setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

Esta programación da materia de Análise de 5º e 6º de Grao Profesional está elaborada pensando para alumnos que xa realizaron os estudos de Linguaxe Musical, Coro, Harmonía e o propio instrumento. A importancia do estudio da Análise musical proporcionaralle ao alumnado as ferramentas precisas para unha mellor comprensión das diferentes épocas e estilos musicais, así como realizar unha interpretación mais fidedigna e crítica das obras.

Tamén se teñen en conta o fomento das T.I.C. (Teorías da Información e Comunicación) na realización de traballos de clase, e a animación á lectura ambas contempladas na Lei Orgánica 2/2006, de Educación do 3 de maio.

Características do alumnado

O centro conta cunha media de 170 alumnos e alumnas na súa maioría do concello. As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como problema resaltar a falta de tempo, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

Concluir que ao ser este un centro de ensinanza artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

5º Curso G. Méd

1º ANÁLISE (5º G.P.) Ciclo

Obxectivos:

- Analizar obras dos estilos da práctica tonal, atendendo aos parámetros que as compoñen: forma, harmonía, textura, ritmo, melodía, etc.
- Recoñecer na análise os parámetros anteriores, establecendo unha relación entre estes e o estilo e a época na que foron compostas as obras.
- Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos dende o canto gregoriano ata a actualidade, prestando especial atención aos estilos tonais (Barroco, Clasicismo e Romanticismo)
- escoitar internamente as obras analizadas e recoñecer mediante a audición e a lectura, as estruturas e fórmulas harmónicas máis características dos exemplos analizados.
- tocar no piano as fórmulas harmónicas máis características dos exemplos analizados.

Contidos:

Tradicionalmente os contidos se clasifican en tres categorías: **procedimentais, conceptuais e actitudinais**. Debido á natureza da materia traballaranse sobre todo os de índole procedimental e conceptual. Por este motivo non se realiza unha división en tres categorías, aínda que si se fai unha clasificación con cinco áreas de coñecemento sobre os aspectos técnicos a traballar:

Análise Harmónico:

- A tonalidade
- A modulación
- As dominantes secundarias
- Cadencias
- Acores e notas de adorno.

Análise Melódico:

- Ámbito melódico
- Movemento melódico
- Función melódica

Análise Rítmico:

- Tema, motivo ou deseño
- Frases e semifrases
- Articulación

Análise Sonora:

- O timbre e as diferenzas entre os instrumentos musicais e a voz
- Os instrumentos transpositores, os seus rexistros e tesituras
- A dinámica
- A textura

Análise da Forma Musical:

- Relación entre texto e forma: madrigal e motete.
- Fuga, concerto grosso, concerto solístico, trío sonata, sonata barroca (da chiesa e da camera), suite barroca.
- Formas binarias e ternarias a finais do Barroco e principios do Clasicismo
- Diferencias estilísticas entre a música barroca e a clásica:
- Fraseo
- Melodía
- Cadencias e a súa función estrutural
- Acordes característicos
- Baixos e acompañamentos (Murky, Alberti)
- A Sonata dende Johann Christian Bach a Beethoven
- Sonata para piano, sonata a dúo, cuarteto de corda e sinfonía
- Forma sonata de movemento rápido
- Forma sonata sen desenvolvemento
- Forma Lied
- Minueto (scherzo) e trío
- Rondó, rondó sonata
- Variacións

Modalidade. Construción melódica modal. Cadencias básicas modales.

Diferencias estilísticas entre a música Barroca e a clásica.

- Fraseo.
- Melodía.
- Cadencias e a súa función estrutural.
- Acordes característicos (acorde de 6ª aumentada e de 6ª napolitana).
- O modo maior mixto. Particularidades históricas durante o Barroco e o Clasicismo.
- Baixos e acompañamentos (Murky, Alberti).
- Características de estilo dos principais compositores do Barroco e Clasicismo

Contidos Mínimos Esixibles:

- Coñecemento básico dos principais e dos mais básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores do Barroco e Clasicismo.
- Análise harmónico (a tonalidade, a modulación e cadencias).
- Análise melódico (ámbito e movemento melódico).
- Análise rítmico (tema, frases e semifrases).
- Análise sonoro (o timbre e as diferenzas entre os instrumentos musicais e a voz, instrumentos transpositores cos seus rexistro e tesitura).
- Análise da forma musical (canon, fuga, concerto grosso, e sonata barroca).

Criterios de Avaliación:

- Recoñecer mediante a análise de obras os elementos morfolóxicos das distintas épocas da linguaxe musical occidental.
- Recoñecer mediante a análise de obras de distintas épocas da música occidental os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.

- Recoñecer mediante a análise de obras de distintas épocas da música occidental os elementos, procedementos e niveis estruturais que configuran a forma a gran escala.
- Recoñecer auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.
- Recoñecer auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma a gran escala.
- Identificar auditivamente diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.
- Identificar na análise diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.

Procedementos de avaliación e temporalización:

- Os procedementos serán a observación sistemática, diaria e directa do alumnado; o cartafol de clase; o diario de clase; os traballos de grupo e os exames.
- Realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha formativa e outra sumativa ou final.

Criterios de cualificación:

- A participación activa na clase suporá un 10% da nota final.
- A correcta realización dos exercicios suporá un 30% da nota final.
- A nota dos diferentes exames (escritos e orais) suporá un 60% da nota final.

Exames de Setembro:

O exame de setembro constará de dúas partes:

- Na análise dunha obra/as ou fragmentos (do período Barroco ou Clásico), facendo fincapé na análise sonora, melódica, rítmica, harmónica e formal.
- Realización de preguntas xa sexan teóricas ou ben teórico-prácticas sobre os contidos do curso.

Acceso a 6º de G. P. e ampliación de matrícula a 6º de G.P.

Os alumnos que se presenten ó acceso a 6º de G.P. ou a ampliación de matrícula a 6º G.P. deberán demostrar o seu dominio dos contidos do Análise de 5º G.P. Para iso faráselle en ámbolos dous casos unha proba baseada nos contidos de 5º de Análise e cuxa estrutura será igual que a do exame de Setembro 5º G.P. descrito anteriormente.

Avaliación Alternativa (Proba para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua).

- O alumnado que por exceso de faltas de asistencia teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo do exame extraordinario de setembro descrito anteriormente.

Recursos:

- Encerado e papel pentagramados.
- Piano.
- Equipo de audio.
- Gravacións discográficas para as audicións.
- Partituras para a análise.

Nota de Advertencia:

O alumno que non acade a realización dos contidos mínimos esixibles será motivo para non supera-lo curso. Quedando a criterio do profesor o nivel técnico que debe acadar o alumno para supera-lo curso correspondente.

Bibliografía:

Harmonía

Tratado da Forma Musical

Fundamentos de la composición

Historia da composición musical en exemplos comentados

A Melodía

Análise do Estilo Musical

Formas musicais

Diether da Motte Ed. Labor, 1989

Clemens Kühn o Ed. Span Press Universitaria, 1998

Arnold Schönberg

Clemens Kühn o Idea Música, 2003

Ernst Toch o Ed. Span Press Universitaria

Jan LaRueo Ed. Span Press Universitaria, 1998

Joaquín Zamacois

6º Curso G. Medio

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

2º ANÁLISE (6º G.P.) Ciclo

Obxectivos:

- Analizar obras dos estilos da práctica tonal, atendendo aos parámetros que as compoñen: forma, harmonía, textura, ritmo, melodía, etc.
- Recoñecer na análise os parámetros anteriores, establecendo unha relación entre estes e o estilo e a época na que foron compostas as obras.
- Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos dende o canto gregoriano ata a actualidade, prestando especial atención nos estilos de da práctica tonal: Romanticismo e século XX.
- Recoñecer mediante a audición e a lectura, as estruturas e fórmulas harmónicas máis características dos exemplos analizados.
- Tocar no piano as fórmulas harmónicas máis características dos exemplos analizados.

Contidos:

- Características xerais do Romanticismo.
- A forme sonata en Schubert.
- Schubert, Schumann e o Lied. A súa evolución a través dos diferentes autores Románticos. O ciclo de Lied.
- O Lied instrumental.
- A pequena forma Romántica.
- Características dos principais compositores Románticos: Mendelssohn, Chopin, Brahms, List e Wagner.
- Wagner e o drama musical. O “leitmotiv”.
- A ópera Romántica italiana no século XIX, Puccini, Verdi. O verismo.
- A música nacionalista. O grupo “dos cinco”.
- Características xerais do século XX. Periodización, correntes estilísticas, autores e trazos característicos.
- Procedementos analíticos. Análise formal, estilística e estética. Aplicación ao repertorio do século XX.
- Algunhas figuras da transición: R. Strauss, G. Mahler, a Scriabin
- Introducción ó Impresionismo. Rasgos estilísticos. Debussy.
- Introducción ó Neoclasicismo. Satie, Ravel, “Os Seis”, Poulenc, Prokofiev, Shostakovich.
- Introducción ó Expresionismo alemán.
- Introducción a música de Stravinsky. Etapas, e trazos estilísticos. Poliacordes, politonalidade e polimodalidade. O ritmo en Stravinsky.
- Introducción a música de Bartók. Trazos estilísticos.
- Introducción ó Dodecafonomismo. A segunda escola de Viena: Schönberg, Berg e Webern.

Contidos Mínimos Esixibles:

- Coñecemento básico dos principais e dos máis básicos elementos e procedementos das épocas e dos autores, do Romanticismo e do século XX.

- Coñecemento a través da análise dos compoñentes da linguaxe musical (macroestruturas e microestruturas, proporción, tonalidade, harmonía – cadencias, acordes e procedementos modulables, temática e motivo, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.), a partir de obras de diversas épocas e autores, dos estilos do Romanticismo e do século XX.

Criterios de Avaliación:

- Recoñecer mediante a análise de obras os elementos morfolóxicos das distintas épocas da historia da linguaxe musical occidental.
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada dun determinado estilo.
- Recoñecer mediante a análise de obras de distintas épocas da música occidental os elementos, procedementos e niveis estruturais que configuran a forma a gran escala.
- Recoñecer auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.
- Recoñecer auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma a gran escala.
- Identificar auditivamente diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.
- Identificar na análise diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.

Procedementos de avaliación e temporalización:

- Os procedementos serán a observación sistemática, diaria e directa do alumnado; o cartafol de clase; o diario de clase; os traballos de grupo e os exames.
- Realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha formativa e outra sumativa ou final.

Sistemas de cualificación:

- A participación activa na clase suporá un 10% da nota final.
- A correcta realización dos exercicios suporá un 30% da nota final.
- A nota dos diferentes exames (escritos e orais) suporá un 60% da nota final.

Exames de Setembro:

O exame de setembro constará de dúas partes:

- Na análise dunha obra/as ou fragmentos (do Romanticismo e/ou século XX), facendo fincapé na análise sonora, melódica, rítmica, harmónica e formal.
- Realización de preguntas xa sexan teóricas ou ben teórico-prácticas sobre os contidos do curso.

Acceso a 6º de Grao Profesional.

Os alumnos que se presenten ó acceso a 6º de G.P. Deberán demostrar o seu dominio dos contidos do Análise de 5º G.P. Para iso faráselle en ámbolos dous casos unha proba baseada nos contidos de 5º de Análise e cuxa estrutura será igual que a do exame de Setembro 5º G.P. descrito anteriormente.

Avaliación Alternativa (Proba para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua).

- O alumnado que por exceso de faltas de asistencia teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo do exame extraordinario de setembro descrito anteriormente.

Recuperación de materias pendentes.

O alumnado co Análise de 5º pendente asistirá ás clases de 5º Curso e realizará as mesmas tarefas e probas.

Recursos:

- Encerado e papel pentagramados.
- Piano.
- Equipo de audio.
- Gravacións discográficas para as audicións.
- Partituras para a análise.
- Ordenador e Internet.

Nota de Advertencia:

O alumno que non acade a realización dos contidos mínimos esixibles será motivo para non supera-lo curso. Quedando a criterio do profesor o nivel técnico que debe acadar o alumno para supera-lo curso correspondente.

Bibliografía:

Harmonía	Diether da Motte Ed. Labor, 1989
Tratado da Forma Musical	Clemens Kühn o Ed. Span Press Universitaria, 1998
Fundamentos de la composición	Arnold Schönberg
Historia da composición musical en exemplos comentados	Clemens Kühn o Idea Música, 2003
A Melodía	Ernst Toch o Ed. Span Press Universitaria
Análise do Estilo Musical	Jan LaRue o Ed. Span Press Universitaria, 1998
Formas musicais	Joaquín Zamacois
A Música Clásica	Philip Downso Ed. Akal
Anthology of Classical Music	Philip Downso Ed. Norton
A Música Romántica	Leon Plantinga o Ed. Akal

ANEXO I

FALTAS DE ASISTENCIA (Perda do dereito á avaliación continua).

Análise é unha materia presencial na que se realiza unha avaliación continua do alumnado a través dos criterios expostos anteriormente. O alumnado que falte reiteradas veces a clase non poderá ser avaliado dun xeito continuo, polo que perderá o dereito a unha avaliación continua.

Considerarase que o alumnado perde o dereito á avaliación continua cando acumula mais de 4 faltas nun mesmo trimestre ou mais de 12 no total do curso.

O alumnado que por exceso de faltas de asistencia teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de xuño. Esta proba seguirá o mesmo protocolo do exame extraordinario de setembro descrito anteriormente.

Establécense dous tipos de faltas:

- **Xustificadas.**

- **Sen xustificar.**

O profesor será o responsable de controla-las faltas (admitindo ou non a súa xustificación), supervisado pola xefatura de estudos.

Faltas Xustificadas	Faltas sen Xustificar
Por Trimestre 4	Por Trimestre 3
Total Curso 12	Total Curso 9

Materia de 2 sesións semanais.

** Non se poderá superalo número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías, así mesmo **nunca poderá excederse o máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa nun trimestre, ou no total do curso.***

ANEXOS II

Procedemento para as Titorías de Pais / Nais.

O profesor de Análise non é titor destes alumnos/as (o profesor titor é o de instrumento).

Para calquera dúbida débese consultar co profesor titor, que estará en contacto co resto de profesorado e é o responsable de todo o proceso de aprendizaxe do alumno/a no Conservatorio.

No caso de desexar unha entrevista co profesor de Análise, deberá solicitárselle ó mestre titor por escrito, como mínimo cunha semana de antelación.

Criterios para a obtención dos premios fin de grao.

Non se contempla nesta materia.

Conservatorio de Música Profesional da Estrada